



Mediante resolución do 13 de novembro de 2002 da USC (BOE do 30 de novembro de 2002) publicouse unha corrección de erros ó plano de estudos de Filoloxía Hispánica aprobado mediante resolución de 6 de novembro de 2000 (BOE do 1 de decembro de 2000) Campus de Santiago.

Esta rectificación afecta a dúas materias obrigatorias que cambian de ciclo.

Tendo en conta que esta modificación prodúcese cando hai alumnos que están matriculados en ámbalas dúas materias e que mesmo algúns puideron licenciarse é necesario regulamentar a execución desta modificación polo que se dicta a seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- A materia obrigatoria do primeiro ciclo 438212313 *Española do Literatura século XVII (A)* de 9 créditos do plano de estudos de Filoloxía Hispánica pasa a vincularse ó segundo ciclo e o seu código será 438212411.

Asemade a materia de segundo ciclo 438212411 de Filoloxía Hispánica *Literatura Española: Cervantes* do segundo ciclo pasa a vincularse ó primeiro ciclo e o seu código será 438212313.

Segundo.- Execución da corrección.

a) Alumnos que teñan superado as materias “Literatura Española do século XVII” e “Literatura Española: Cervantes”. Procederase a vincular as respectivas materias tal e como se establece no artigo primeiro desta resolución, a partir do momento en que a mesma se publique.

b) Alumnos que teñen matriculado pero non superado as dúas ou algunha destas materia: só se executará a corrección de erros se a mesma non afecta negativamente ós alumnos por mor do acceso ós segundos ciclos ou á certificación do primeiro ciclo. No momento que estas circunstancias non existan procederase á execución da corrección, nos expedientes dos alumnos.

c) Alumnos que nunca tivesen matriculado estas materias: seralles de aplicación a corrección de erros e polo tanto no curso 2003/2004 a matrícula das mesmas realizarase consonte ó establecido no artigo *Primeiro* desta resolución.

Terceiro.- Non será de aplicación a corrección do plano de estudos que establece a resolución do 13 de novembro do 2002, no caso dos alumnos que teñan feito o depósito do título ou se teñan licenciado consonte a Resolución do 6 de novembro do 2002 polo que se aprobou o plano de estudos de 2000 de Filoloxía Hispánica, por non ter esta carácter retroactivo.



**UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Vicerrectorado de Organización
Académica e Profesorado

Colexio de San Xerome
Praza do Obradoiro, s/n.
15782 Santiago de Compostela
Tfno. 981 562 314 • Fax. 981 577 418

Cuarto.- Os Servicios Informáticos en colaboración coas Unidades Administrativas afectadas procederán a executa-la presente resolución.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2003

O RECTOR

Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sra Decana da Facultade de Filoloxía, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefe da Asesoría Xurídica, Xefa do Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica, Sr. Xefe da UXA do Campus Norte, Sr. Responsable Académico do SEIN e Sr. Director do COIE.